

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

4323 *Real decreto 264/2015, do 10 de abril, polo que se modifica o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro.*

O Regulamento (UE) n.º 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, relativo ao Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas, establece un fondo de axuda europea para os máis desfavorecidos para o período comprendido entre o 2014-2020, determina os obxectivos do dito fondo, o ámbito de aplicación da axuda, os recursos financeiros dispoñibles e a súa asignación a cada Estado membro e establece as normas necesarias para garantir a eficacia e a eficiencia de tal fondo.

O Regulamento delegado (UE) n.º 532/2014 da Comisión, complementa o Regulamento (UE) n.º 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas.

No programa operativo presentado por España á Comisión, ao abeiro do disposto no Regulamento (UE) n.º 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, indícase que se designou como organismo intermedio do Programa operativo do Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través do Fondo Español de Garantía Agraria e a descrición das principais características da axuda material básica que se vai prestar.

En consecuencia, resulta necesaria a modificación do Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, co obxecto de incluír as funcións derivadas da súa condición de organismo intermedio de xestión do Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas, no artigo 3 do citado estatuto.

De conformidade co disposto no artigo 63.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, modifícase o estatuto do organismo autónomo Fondo Español de Garantía Agraria.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa sesión do día 10 de abril de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro.*

Modifícase o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, nos seguintes termos:

Un. Engádeselle un punto 14 ao artigo 3, co seguinte contido:

«14. As derivadas da súa condición de organismo intermedio de xestión do Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas, de acordo co establecido no Regulamento (UE) n.º 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014.»

Dous. Modifícase o ordinal 4.º da letra d) do punto 3 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«4.º A execución do programa de axuda ás persoas máis desfavorecidas que, como organismo intermedio de xestión do Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas, corresponde ao FEAGA.»

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto non suporán incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO